



## ANA MERINO

Xoves, 27 de febreiro, 20:00h.

### Salón de actos da Fundación Luis Seoane

Ana Merino (Madrid, 1971) é unha escritora afincada en Estados Unidos. Catedrática en escritura creativa en español e estudos culturais na Universidade de Iowa, en 2011 fundou o MFA de Escritura Creativa en Español. Publicou nove poemarios, entre os que destaca **Preparativos para un viaje**, galardoado co **Premio Adonáis de Poesía en 1994**, e é autora de varias obras de teatro. Foi pioneira no desenvolvemento da formación académica do cómic e escribiu diversos ensaios especializados. Foi columnista para EL País, membro do Comité Executivo do International Comic Art Forum, do Comité Directivo do Center for Cartoon Studies, do Consello Directivo de Iowa City Unesco Cidade da Literatura, e na actualidade é membro da Xunta Directiva do Teatro Riverside da cidade de Iowa. **El mapa de los afectos** é a súa primeira novela.

#### EL MAPA DE LOS AFECTOS (Destino, 2020)

Un adolescente que espía aos adultos desde a rama dunha árbore adentrará aos lectores nos misterios cotiáns dunha pequena poboación do Medio Oeste estadounidense onde os seus habitantes tratan de entender o sentido da súa propia existencia e agochan pequenos segredos. **El mapa de los afectos** é unha novela sobre a vida das persoas boas que ás veces crébase, que se destrúe porque existe o mal coas súas distintas formas: os impulsos psicópatas que conducen ao crime, a impunidade, as inxustizas, a desigualdade, os prexuízos, a crueldade ou as guerras. O mal trata de abrirse camiño, pero a pulsión do ben ten unha enerxía superior. O reto é non conformarse coa literatura do mal e facer literatura do ben onde as vítimas e os que as axudan sexan os seus máximos protagonistas.



Somos o que  
LEAMOS

Encontros coa literatura contemporánea  
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

ENTRADA GRATIS ATA COMPLETAR AFORO